

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

A chegada dun neno á Escola Infantil é un grande acontecemento no seu proceso de desenvolvemento, polo que cremos que é moi importante poñerse de acordo pais e educadores para axudar ó neno a que esta adaptación sexa positiva.

O mundo afectivo do neno é o motor esencial do seu desenvolvemento emocional, social e intelectual polo que o período de adaptación é un proceso no que o neno vai elaborando, emocionalmente, a perda e a ganancia que lle supón esa separación, ata chegar a unha aceptación da mesma.

A entrada na escola supón a primeira separación neno/familia e é moi importante a maneira de superala porque, se vive isto ben, lle axudará a resolver futuras situacións (entrada na escola primaria, a súa relación con persoas descoñecidas, etc.). Para o neno é a perda dun lugar definido, onde ten un espacio seguro e coñecido, cunhas persoas que están exclusivamente dedicadas a el, e chegar a un lugar onde hai que compartir todo con outros nenos, os obxectos, o espacio, o educador, etc...

Por outra banda como aínda non ten moi claro os referentes espacio-temporais, faille sentir as separacións como perda “para sempre” e terá sentimentos de abandono, mentres non reforce día a día que “papá ou mamá” volven a buscalo.

“Aparentemente” os bebés son os que mais acusan a entrada na escola, pero só aparentemente, xa que dormen menos ou intranquilos, perden peso, sofren diarreas ou estrinximento, maior apego a nai, etc. Os nenos de 1 a 3 anos acusan o cambio cunha maior rebeldía, aínda que pode darse o caso de nenos que teñen moi boa aceptación os primeiros días ante a novidade dos xoguetes, os nenos, novos espazos, pero despois da primeira semana valoran os problemas de convivencia e competencia e prefiren a situación de privilexio que teñen na casa.

O proceso de adaptación é por tanto, algo que o neno fai, e algo que el ten que elaborar, pero acompañado por nos, nais, pais e educadores pero sendo conscientes de que non lle podemos evitar o conflito nin a mágoa.

As nosas primeiras relacións co neno serán de acollida e respecto. Achegarémonos a el pouco a pouco, pero nunca o forzaremos no seu proceso. Comprendemos que a súa posible rebeldía e ás veces actitudes violentas para con nós non é unha agresión a nosa persoa, senón unha protesta á situación que o separou da súa nai. Entendemos que nesta separación existen sentimentos de pena, dúbidas, temores, etc., pero debemos conseguir que os superen e lograr a súa confianza e seguridade.

Vos, tamén tedes que adaptarvos a unha nova situación, polo que pedimos que preguntedes tódalas dúbidas que podades ter sobre o funcionamento da escola.

Nos, por outra banda, intentaremos saber “todo” sobre a/o vosa/a nena/o, para darlle seguridade e confianza e que viva esta nova situación positivamente.

É por todo isto que facemos que cada neno se incorpore no grupo un a un, primeiro coa súa nai ou pai, e pouco a pouco, para reforzar a vosa volta; o primeiro día media hora e sempre con vos, o segundo día un pouquiño mais, alongándolle o tempo da estadía xa só, ata que faga o horario normal cando a vexa a educadora a cargo da clase. Os nenos que ademais queden a xantar, tamén se lles dará un tempo para adaptarse ó comedor e a sesta.